



Páx 2

PONTEVEDRA:

Luís Bará presenta a súa candidatura ao Congreso

Páx 3

PONTEVEDRA:

Redutores de velocidade e lombos no centro urbano

Páx 4

PONTEVEDRA:

Saneamento

Páx 5

PONTEVEDRA:

Hortas urbanas

Páx 6

PONTEVEDRA:

- 1,1 millóns en novas obras no rural
- Ponte sampaio avalía positivamente as melloras en mobilidade e accesibilidade
- Melloras no Centro Social de Etribela

Páx 7

PONTEVEDRA:

- Tomeza mellora os seus parques infantís
- Día dos Museos no Cita
- Pontevedra, capital do Triatlón
- Cea da APDR

CONTRACAPA

Coloquio con José Antonio Solana, consul de Cuba, organizado por Galiza Nova



Luís Bará, cabeza de lista ao Congreso por Pontevedra

Adiante co BNG!



A militancia aproba por unanimidade a candidatura encabezada por Luís Bará **Bará: “Somos un país con futuro se nos deixan** **facer as cousas por nós mesmos”**

Luís Bará liderará a lista do BNG pola provincia ás eleccións xerais do vindeiro 26 de xuño.

Na súa presentación como candidato a encabezar a candidatura do BNG, realizada a carón do monumento a Castelao, Bará defendeu que é preciso que o BNG estea en Madrid con representación propia para que Galiza poida defender os seus intereses “a diferenza do que ocorreu nos últimos meses”. “Somos un país con futuro se nos deixan facer as cousas por nós mesmos”, subliñou.

Bará destacou que o BNG quere facer unha campaña en positivo, centrada na defensa das potencialidades que ten Galiza para saír adiante. “Non negamos que vivimos unha situación dramática, de emerxencia nacional e tamén social, que está castigando a amplos sectores, sobre todo ás clases traballadoras populares, pero pensamos que coas nosas forzas, que coas forzas políticas propias, co traballo da xente do país, sen que nos esmaguen, podemos sacar o país adiante”, salientou.

“Hai un traballo que podemos facer. O BNG é unha forza útil e necesaria na que a cidadanía pode confiar, como ocorreu en anteriores lexislaturas nas que se estivo á altura facendo que Galiza estivese presente, a diferente destes últimos cinco meses, nos que moita xente botou en falta unha forza propia como o BNG no Parlamento”, asegurou.

“Faremos unha campaña en positivo, centrada na defensa das potencialidades que ten Galiza pra saír adiante”

Bará destacou que a súa candidatura foi unha proposta da comarca de Pontevedra e manifestou ter moita “enerxía e ilusión” para asumir a responsabilidade que se lle encomendou. “Creo que estamos nunha fase nova, de fortalecemen-

to do BNG a través do proceso Adiante!. A miña función é animar ilusionar, motivar á xente que está no BNG e ao seu redor, pero tamén a outra con sensibilidade nacionalista e que pensa que é útil para o país que o BNG estea en Madrid”, dixo. Neste sentido destacou que a súa elección supón un respaldo ao modelo aplicado en Pontevedra, unha comarca na que hai unha “potente presenza institucional, alcaldías, importante militancia e representación política”. “Agardo que electoralmente se note ese respaldo”, finalizou.

En canto á marca coa que se afrontan os comicios xerais nesta ocasión, na que o BNG ten un papel protagonista fronte ao 20D, Bará recoñeceu que “o concorrer con outra marca supuxo un revés, pero nós estamos nunha forza política que nunca tivo as cousas fáciles. É o momento de dar o paso e afrontar o reto coa máxima dedicación e empeño para acadar os mellores resultados”, finalizou.

Continúa a aposta municipal por mellorar a seguranza viaria

O Concello colocará novos redutores de velocidade e pasos de peóns elevados no centro urbano

O Concello vai a actuar dun xeito prioritario en catro rúas da cidade nas que se ten detectado o paso de vehículos a alta velocidade o que pon en risco a integridade das persoas e dos mesmos condutores.

Os puntos negros nos que se chegaron a rexistrar velocidades de até máis de 80-90 quilómetros por hora están na rúa Loureiro Crespo e nas avenidas de Vigo, Eduardo Pondal e Bos Aires.



Loureiro Crespo.

Treito 12 de Novembro-avenida de Lugo.

Instalaranse redutores de velocidade, seguindo o modelo instalado no eixo rotonda de San Roque-rúa Alameda.



Avenida Bos Aires.

Treito ponte de Santiago-ponte dos Tirantes

A presenza do CEIP Vidal Portela eleva o risco de danos ás persoas neste treito no que se vai elevar o paso de peóns de diante do colexio e a construír un novo paso de peóns



Avenida de Vigo.

Treito cruzamento coa rúa San Pedro de Alcántara-rotonda con Fernández Ladreda

Instalaranse redutores de velocidade neste treito recto, no que está a entrada ao IES Frei Martín Sarmiento e á residencia de estudantes.



Avenida Eduardo Pondal.

Treito rotonda Uxío Novoneira-ponte da avenida de Vigo.

Elevaranse os dous pasos de peóns que hai neste tramo, fóra dos marcados no cruzamento con semáforos.

Arranxados os danos ocasionados polo inverno na rede de saneamento do río dos Gafos

Os danos e efectos negativos (deterioro) sobre as infraestruturas provocados polas intensas chuvias dos últimos meses e tamén polo transcorrer do tempo obrigaron a realización de distintos traballos de reparación e mantemento na rede de saneamento e no leito do río Gafos, segundo explica o concelleiro responsable do Ciclo da Auga, Raimundo González Carballo.

Operarios de Viaqua acometeron traballos de reparación, reposición e mantemento en distintos treitos do río, no seu paso polo rural pontevedrés.

Trátase de traballos previstos no contrato do servizo municipal de auga e que, polo tanto, están á marxe do proxecto de saneamento integral do Gafos que acometerán o Concello e a Deputación de xeito conxunto, após de que Augas de Galiza e a Xunta anularen unilate-

ralmente a final do paso ano o convenio para o saneamento deste río aludindo a que no daba tempo de levar a cabo unha actuación que está dentro do programa Operativo Feder Galicia 2007-2013, que obrigaba a que as accións subvencionadas es executadas antes do remate do ano 2015.

O compromiso co medio ambiente e coa calidade de vida da veciñanza leva ao Concello a procurar novos aliados (neste caso a Deputación) e a seguir adiante co proxecto de saneamento do Gafos, que terá un custe aproximado de 1,1 millóns de euros.



ESTRAGOS DO INVERNO NO SANEAMENTO



DESPERFECTOS ARRANXADOS

O Concello ofrece máxima colaboración á Xunta para lograr o saneamento integral da ría

Na reunión celebrada entre a Xunta, os concellos da ría e as confrarías, o alcalde de Pontevedra, Miguel Anxo Fernández Lores ofreceu a máxima colaboración para acadar o saneamento integral da ría, ao tempo que plantexou un obxectivo modesto, un primeiro paso neste camiño: que a Xunta arranxe o problema do alivia-deiro de Cocheras.

A orixe deste problema está na obras de construción da vía alternativa a Marín, a variante a PO- 546, entre O Regueiriño e a PO-11 polo que se trataría de que se arranxe o desaguisado que provocaron no seu día.

Daquela, foi substituída unha tubaría de fibrocemento de 1200 mm por outra de polietileno de alta densidade cun diámetro útil de 1000 mm,

mermando a capacidade da tubaría nun 30 %. E a maior, nun treito de 142 metros fixeron a obra cunha pendende do 0%, o que produce unha importante redución do caudal.

En definitiva, pasouse dunha capacidade do colector de 1.200 litros/segundo a outra de 530 litros/segundo provocada pola deficiencia na reposición do colector xeral de fecais que conduce á EDAR afectado polo enlace.

Este problema foi comunicado á Xunta de Galiza en novembro de 2011, e reiterado en marzo, xullo e outubro de 2012, cos pertinentes informes técnicos. A Xunta até o momento non fixo nada por solucionalo.

Na reunión, o alcalde de Pontevedra deixou claro que é necesario ter

claro cales son os principais factores que influen na contaminación da ría, comezando polo complexo contaminante de ENCE-ELNOSA.

Lores insistiu á Xunta na necesidade de ampliar a capacidade da depuradora dos Praceres, incorporándolle a depuración biolóxica, ampliar o emisario submarino e colaborar na necesaria separación de pluviais e fecais, algo que o Concello de Pontevedra ten practicamente resolto, ao quedar unicamente un 0'6% da cidade sen separar. En todas as obras de reforma urbana acométese tamén a separación de pluviais e fecais.

O Gorgullón contará con novas hortas urbanas



O Gorgullón contará con novas hortas urbanas xestionadas pola Federación de asociacións de veciños Castelao e pola Asociación Down Pontevedra "Xuntos". Os concelleiros Carmen Fouces e Luís Bará visitaron as parcelas onde estarán as futuras hortas acompañados por representantes da federación e da asociación.

A parcela veciñal está a carón do muiño do Coto e ocupa 700 metros

cadrados. As previsións de Castelao cifran en 12-13 o número de hortas que se porán en marcha a poder ser antes de que remate o mes de maio. Non son as únicas hortas urbanas que xestiona a Federación veciñal na zona, xa que dende hai un ano están en funcionamento quince hortas á altura da rúa Moa.

Nos dous casos, ser veciño ou veciña da contorna é unha prioridade á hora

de optar a unha adxudicación.

Por outra banda "Xuntos" desenvolverá tamén a carón do muiño do Coto o proxecto Horta urbana Cooperativa. Neste caso trátase dunha finca privada cedida para este fin. O proxecto ten como finalidade promover a autonomía persoal das persoas coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual que asisten a "Xuntos". Ademais a horta xerará espazos de encontro entre os colectivos que conforman a contorna comunitaria (maiores, menores, asociacións de veciños, etc), fomentando a creación de redes sociais e tecido comunitario baseado no traballo en equipo e a cooperación mutua.

Para levar a cabo o proxecto Xuntos conta coa colaboración de varias empresas para adquisición dos materiais e infraestruturas necesarias para a posta en marcha da horta e do IES Montecelo, que fixo a doazón de dous depósitos de auga e deu formación básica de xardinería aos rapaces e rapazas que van a traballar na horta.

A Finca do Conde retoma a súa actividade

Chegada a primavera, a Concellaría de Igualdade que xestiona a finca do Conde inicia toda a actividade para que volva ser un referente das hortas urbanas na cidade. Na actualidade a finca dispón de 37 espazos de cultivo, todos ocupados agás catro. Están adxudicados a usuarias do Centro de Información á muller -que tiveron prioridade- e, logo, a persoas que solicitaron unha parcela.

Non será até o mes de novembro en que a Concellaría de Igualdade volva a abrir o prazo de inscrición para readxudicar todas as parcelas, rematada a campaña de plantación.

Ao igual que na primeira edición, a Finca do Conde contará co apoio da empresa Feito, a única empresa do municipio constituída por usuarios de Servizos Sociais, para distintos labores. Foi a encargada do mantemento realizando tarefas como limpeza das parcelas, caleado dos muros, sinalización das hortas e instalación dun panel recordando as normas de uso; acondicionamento dunha caseta para o sementeiro protexido; asesoramento aos adxudicatarios das fincas; elaboración de planteis a partir das sementes; execución de acolchados ou mulchings que permite adiantar a recolección, reducir o consumo de auga, eludir o uso de herbicidas e potenciar a calidade da produción; crea-

ción de invernadoiros de construción caseira; cursos de temática diversa... entre outras actividades.

Feito volverá a encargarse do mantemento e xestión da Finca do Conde cun programa de actividades paralelo ao que poderán optar tanto os usuarios da finca como persoas de fóra, até completar as 20 prazas que oferta. Terán prioridade as usuarias do Centro de Información á Muller, veciñas da zona e, logo, o resto de veciñas.

As inscricións neste programa formativo comezarán a primeiros de maio e ten unha duración até finais de setembro. En todo este tempo está previsto ofrecer obradoiros como: Manter a horta san e en equilibrio, a salvo de pragas e enfermidade, obradoiro de compost e vermicompostaxe, aprender a recoller, seleccionar e conservar as semente; obradoiro de conservas, aromáticas na horta e obradoiro de xabón.

Tamén está previsto organizar dous concursos sobre "O mellor espantallo" e "O horto mellor coidado"; e exposicións dos produtos recollidos na horta, cata de alimentos e entrega de premios.

En marcha un plan de obras no rural con máis de 60 actuacións e un orzamento de 1,1 millóns de euros

Dende tapar fochancas en camiños até arranxar camiños enteiros, limpeza de cunetas, traballos en pasos de auga ou de drenaxe, melloras de accesibilidade, reparación de muros, medidas de calmado de tráfico.. até máis de 60 actuacións están previstas no plan de obras do rural anunciado polo concelleiro coordinador do Rural, Demetrio Gómez. Unhas actuacións que terán estar rematadas antes do próximo inverno e que suman un orzamento de 1,1 millóns de euros.

Demetrio Gómez aclarou que son obras asociadas ás consecuencias dos rigores do inverno e sinaladas como prioritarias polas propias veciñanzas a través dos consellos parroquiais.

“Non é unha relación pechada xa que estamos nunha avaliación de necesidades continua” subliña o coordinador do Rural quen puxo en valor o esforzo realizado polos servizos técnicos municipais, que fixeron nun tempo moi curto a avaliación dos danos e defi-

ciencias e redactaron os proxectos de actuación. Tamén destacou o papel que xoga e xogará a brigada de Obras nestes traballos.

Demetrio Gómez tamén quixo dar as grazas dun xeito especial pola súa implicación e traballo realizado aos concelleiros responsábeis de parroquias Pilar Comesaña, Alberto Oubiña e Raimundo González Carballo e aos veciños e veciñas que a pé de camiño foron vendo as necesidades e axudaron a priorizar as actuacións.

A veciñanza de Ponte Sampaio avalía positivamente as melloras de mobilidade e accesibilidade

O concelleiro delegado da parroquia de Ponte Sampaio, Raimundo González mantivo un encontro coa nova diretiva da Asociación de veciños Santa María para coñecer aos novos representantes veciñais, que nesta nova andaina están liderados por José Luís López Carragal, presidente da asociación.

No encontro valoraron positivamente a mellora da mobilidade e da accesibilidade que se fixo recentemente dende a ponte medieval até o colexio, coa instalación de medidas de calmado de tráfico, pintado e instalación de sinalización horizontal e vertical, reordenación de espazos e o pintado de novas prazas de estacionamento na explanada da Xunqueira, e unha senda urbana que une a Ponte co colexio para que os nenos poidan achegarse ao centro de ensino con seguridade.

Outro dos temas abordados foi a mellora da infraestrutura viaria en toda a parroquia, especialmente no núcleo da Ponte e nos lugares do Rañadoiro, Acevedo e Vilar. Solicitaron a instalación de medidas de calmado de tráfico tanto nestes núcleos como nas vías de comunicación internas que os conectan.

Tamén amosaron a súa preocupación polo estado da estrada a Vigo (dende Ponte medieval até Arcade), propiedade da Xunta e que se atopa en bastante mal estado de conservación.

Ademais acordaron introducir melloras na zona verde e no ámbito da praia da Xunqueira, para que esta acondicionada para recibir aos centos de usuarios que durante o verán empregan este arenal.

Tamén abordaron outras cuestións relativas á conservación do patrimonio e da memoria histórica.

O concelleiro da parroquia, Raimundo González comprometeuse a ir abordando estas peticións paulatinamente, atendendo de xeito prioritario ás máis urxentes.

O Concello acometerá a mellora do Centro Social de Estribela

Rehabilitar e darlle novos e renovados usos ao centro veciñal de Estribela. Un obxectivo que comparte o Concello e a veciñanza de Lourizán tal como quedou acreditado na reunión do Consello parroquial celebrado onte.

Na actualidade o edificio de Estribela acolle un deixado de lado mercado na parte baixa e o centro social na alta. A proposta que se baralla é rehabilitar o inmoble a adicalo a centro social na súa totalidade.

O concelleiro do Rural, Demetrio Gómez, convidou as entidades e colectivos sociais do Consello a que fixeran un plan de necesidades co fin de avalialos en seu conxunto e tratar de definir a estrutura e usos do centro social. Para facer unha posta en común quedaron todos en reunirse o próximo 24 de maio.

Por outra banda Demetrio Gómez deu conta no Consello parroquial das actuacións previstas na zona ao abeiro do Plan de obras do rural-2016 e das actuacións que están en marcha ou a piques de comezar como, por exemplo, a rehabilitación da praza de Os Praceres ou as obras no acceso ao CEIP A Carbelleira que arrancarán nos próximos días.

O concelleiro do Rural tamén lles entregou ao asistentes a moción presentada por Marea Pontevedra no Pleno de abril: programa plurianual 2016-2019 para Lourizán, así como a acta da sesión para que coñezan as razóns que levaron ao grupo municipal do Goberno a non apoialo. Segundo lles explicou Demetrio Gómez, e queda recollido na acta, a proposta nin foi informada nin conta co consenso da veciñanza. O grupo municipal de Goberno plantexou, sen éxito, aparcar o tema para falar cos implicados e deseñar unha programación falada seguindo as liñas marcadas no propio plan da parroquia.

Día dos Museos no CITA

O Centro de Interpretación das Torres Arcebispaís (CITA) de Pontevedra súmase á conmemoración do Día Internacional dos Museos (18 de maio) cunha semana de actividades que comezou o sábado, 14 de maio coa celebración da Noite dos Museos.

O mércores 18 será o día grande para os museos do mundo, e o CITA conta coa colaboración do CIFP Carlos Oroza e profesorado e alumnado de Turismo e Hostalaría. Un día con xornada de portas abertas e horario ininterrompido de 11.00 a 21.00 horas, onde haberá un flashmob na Praza da Peregrina desde as 10.00 ata as 13.00 horas,

momento en que se procederá a probar unha torta conmemorativa. O flashmob é un baile coreografiado para a ocasión, buscando animar á cidadanía a participar e a visitar o centro. Nesta actuación colaborarán estudantes do IES Valle Inclán.

Desde o sábado 14 ata o venres 20 de maio estará en marcha a proxección da obra *Ecos de recuerdos olvidados* de Sheila Broullón Dávila, graduada en Belas Artes e cursando o Máster en Libro Ilustrado y Animación Audiovisual.

Dúas actividades pecharán a semana. A aposta pola educación co alumnado de historia do IES A Xunqueira I que disfrutará dunha visita dirixida por Fernando Carrera, mestre da Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia, e a clausura coa actuación de varios grupos de cámara do Conservatorio de Música Manuel Quiroga de Pontevedra o venres 20 ás 20 h.



Tomeza amplía e mellora os seus parques infantís

Tomeza reformulará os espazos de ocio infantil da parroquia. O concelleiro do Rural, Demetrio Gómez, puxo sobre a mesa do Consello parroquial un novo proxecto para, por unha banda, reformar o actual parque de Casal do Río e, por outra, construír un novo espazo de xogos infantís no quintero da Casa da Cultura.

O primeiro dos parques, no que hai pistas deportivas, quedaría para o lecer dos mozos e moza máis grandes e o segundo, de nova creación, estará deseñado con xogos para as nenas e nenos máis pequenos.

A proposta municipal complétase coa conexión dos dous parques infantís cunha senda peonil. Precisamente co fin de definir o itinerario da senda, os representantes veciñais reuniranse co concelleiro e os técnicos o próximo 18 de maio para percorrer o camiño. Arredor de 200 metros separan as dúas zonas de lecer.

A reformulación dos espazos de ocio infantil foi o tema central da última reunión do Consello parroquial na que o concelleiro Demetrio Gómez tamén deu conta á veciñanza das actuacións previstas para este ano en Tomeza incluídas no Plan de obras do rural-2016: a reparación do camiño no lavadoiro de Lusquiños, drenaxes e regulación de rasantes no Camiño de Regapereira, a reparación de cunetas en Lusquiños e ordenamento do tráfico e o aparcamento no Adro de San Pedro.

O 21 e 22: Pontevedra, capital do Triatlón

Aproximadamente 2.000 deportistas de todo o Estado participarán na Copa do Rei e da Raíña de Tríatlón e o Campionato Estatal de Tríatlón por Relevos, que se celebrarán os días 21 e 22 de maio en Pontevedra.


Miguel Ánxo Fernández Lores recordou a cita ineludible que Pontevedra ten co triatlón dende hai oito anos de forma ininterrompida. O rexedor pontevedrés destacou que "é unha das probas do calendario que máis deportistas move" e afirmou que "durante esta fin de semana imos ser a capital do triatlón estatal".

A proba celebrarase en elite, open e escolar (categoría cadete) o sábado 21.

O domingo celebrarase o Campionato de España de Tríatlón por Relevos. Son equipos formados por tres integrantes que farán un triatlón de distancia minisprint (250 metros de natación, 6 quilómetros de bicicleta e 1,6 de carreira a pé), con relevo ao seguinte membro do equipo. Este campionato tamén se celebrará en elite, open e categoría escolar.

CEA DA APDR

O vindeiro venres 20 ás 21 h. a APDR organiza no Pazo da Cultura unha cea previa a marcha contra celulosas.



Soberanía para os pobos!

coloquio con:
José Antonio Solana
Cónsul de Cuba na Galiza

>> Miguel Anxo Fdez Lores
Alcalde de Pontevedra

>> Montse Prado
Resp. de Relacións Internacionais BNG

“54 anos de bloqueo. Análise da situación en Cuba”

mércores 18 de maio

Casa da **Luz** Pz. da Verdura, s/n
Pontevedra

ás **20 h.**



GALIZA NOVA

